

Entroido

en Galicia

Onde ir
Que ver



FOTO: CARLOS G. HERVELLA

ADELINA DOGARU ALEXA

“O mundo da máscara é un ámbito vivo”

Esta antropóloga da Universidade de Bucarest (Romanía), membro do proxecto MASKS, aborda a relevancia das máscaras na sociedade actual “tanto no patrimonio cultural como na construción da identidade comunitaria” e o papel dos artesáns

TEXTO: Ángeles Rodríguez/ FOTOS: Cedidas
Bucarest (Romanía)



hesión, representación e sentido compartido dentro da comunidade.

¿En que tradicións romanesas hai máscaras e en que momentos do ano e contextos rituais aparecen?

Aparecen ao longo de todo o ano e en contextos rituais moi diversos. Están especialmente presentes en celebracións carnavalescas que marcan o inicio da Coresma, como *Fuga Lolelor* ou *Cuci*, así como en rituais de primavera e verán ligados ao calendario agrario e pastoril, como San Xurxo ou Pentecostés. Tamén teñen un papel central nas festas de Nadal e Aninovo, cando desfiles de máscaras animais e antropomorfas representan simbolicamente un momento de desorde ritual que precede ao comezo dun novo ciclo temporal. En épocas máis antigas, as máscaras aparecían mesmo en rituais funerarios, onde cumprían unha función mediadora entre o mundo dos vivos e o dos mortos.

¿Teñen similitudes con outras tradicións europeas ou son moi diferentes?

Como antropóloga, unha está habituada a observar tanto as diferenzas como as similitudes co fin de comprender as culturas da maneira máis obxectiva posible. Con todo, na práctica, esta mirada nunca é neutral: algúns séntense máis atraídos polo que distingue e singulariza, mentres que outros se interesan por aquilo que nos aproxima, aínda recoñecendo que nunca somos idénticos. Persoalmente, sitúome nesta segunda perspectiva. Desde aí, considero que as tradicións romanesas con máscaras comparten numerosas similitudes con outras tradicións europeas. En moitos casos, obsérvanse referencias compartidas en comunidades campesiñas de tradición agro-pastoril, xunto cun eixo temporal común de raíz cristiá que estrutura os momentos clave do calendario ritual tanto en contextos católicos como ortodoxos. A iso súmanse, por suposto, funcións e motivacións contemporáneas moi parecidas, así como aspectos formais relacionados coa técnica artesanal, os materiais empregados e as formas de representación.

Ao mesmo tempo, estas tradicións presentan variacións significativas determinadas por contextos histórico-culturais específicos, que operan tanto a nivel interrexional como intrarrexional. Na miña opinión, esta diversidade non invalida as similitudes, senón que revela a existencia dun sistema cultural compartido, articulado a través de expresións locais diferenciadas.

Dentro das tradicións romanesas, ¿que papel teñen as máscaras zoomorfas?

Desempeñan un papel fundamental, especialmente no contexto das celebracións de Aninovo, como reminiscencias dunha antiga cultura agro-pastoril. O escenario ritual tradicional artículase ao redor da idea da morte e do renacemento do tempo, da expulsión do mal, así como da fertilidade e da prosperidade da comunidade. Estes rituais combinan máscaras zoomorfas con personaxes antropomorfos que encarnan roles ben definidos da sociedade tradicional: o ancián, a anciá, o comerciante ou o domador – no caso do oso, contribuíndo xuntos a

A investigadora romanesa Adelina Dogaru, cunha máscara do seu país.

un complexo escenario simbólico. Co tempo, estas manifestacións evolucionaron de maneira diferente segundo as rexións. Nalgunhas zonas, como a de Bacău, o ritual do oso adquiriu unha dimensión espectacular, con grandes grupos, desfiles masivos e unha forte participación comunitaria, converténdose nun elemento central de orgullo local e cohesión social. Noutras rexións, como Neamț e Suceava, en cambio, o ritual conserva formas máis contidas, próximas á súa estrutura tradicional e á súa función simbólica orixinal, sen perder a súa relevancia e o seu valor na comunidade.

¿Que función seguen mantendo hoxe as máscaras tradicionais?

Na sociedade actual, as máscaras tradicionais e as prácticas de enmascaramento seguen cumprindo funcións diversas, que varían segundo o contexto, a comunidade e o país. Cada máscara, en cada un destes marcos culturais, constrúe en certo xeito o seu propio percorrido, condicionado por motivacións locais e por dinámicas sociais específicas. Aínda que en moitos casos podemos identificar a pervivencia de significados antigos, hoxe estas prácticas tamén se articulan ao redor de funcións contemporáneas, como o turismo cultural, a cohesión social ou a reafirmación identitaria. Neste sentido, a máscara é un fenómeno en certo xeito emblemático: precisamente a súa capacidade para asumir múltiples funcións e resignificarse constantemente é o que a mantén viva e a converte nunha dinámica cultural especialmente fascinante.

¿Que opina das máscaras tradicionais que se conservan na península ibérica?

Constitúen un patrimonio cultural de enorme riqueza e complexidade. Son especialmente fascinantes pola maneira en que se relacionan cun territorio concreto e cunha historia local, pero ao mesmo tempo dialogan cun conxunto máis amplo de rituais con máscaras presentes en moitas culturas rurais europeas. As máscaras forman parte dun sistema simbólico no que se entrelazan o mítico e o cotián, o pasado e o

Vén da páxina anterior

presente. Cada tradición desenvolve solucións formais e rituais propias, adaptadas ao seu contexto histórico e social, o que explica tanto as similitudes como as notables diferenzas entre unhas e outras. O que me parece especialmente significativo é que precisamente esta tensión entre o compartido e o particular é o que fai tan valiosas ás mascaradas ibéricas: permiten comprender como as comunidades souberon conservar, transformar e resignificar prácticas antigas, manténdooas vivas e significativas hoxe.

¿Que importancia considera que ten o proxecto transnacional MASKS?

En primeiro lugar, o proxecto MASKS xerou, a través do paquete de traballo dedicado á investigación, unha base de datos de gran valor científico e cultural, centrada na artesanía, os significados simbólicos e a vida social das máscaras nos catro países participantes. Este *corpus* non só documenta prácticas e saberes en risco de desaparición, senón que ofrece unha visión comparativa que permite comprender as máscaras como un patrimonio europeo vivo, diverso e en constante transformación. En segundo lugar, a compoñente formativa do proxecto constitúe un dos seus maiores logros, xa que traduce ese coñecemento nunha proposta educativa innovadora. A formación aborda o mundo das máscaras desde múltiples perspectivas históricas e antropolóxicas, artísticas e técnicas, así como desde enfoques económicos e medioambientais, e integra contidos teóricos con prácticas artesanais concretas. Así, responde a necesidades actuais do sector, demostrando que a artesanía vinculada á máscara non é só portadora dun extraordinario valor cultural, senón tamén un ámbito con capacidade de innovación e proxección contemporánea. Desde esta dobre dimensión, MASKS adquire unha relevancia especial como iniciativa transnacional: crea pontes reais entre investigación, formación e práctica profesional, fomenta o intercambio de saberes entre contextos culturais distintos e contribúe a situar as máscaras e a artesanía asociada no centro dos debates actuais sobre patrimonio, creatividade e sustentabilidade cultural.

¿Que importancia teñen os artesáns na

Adelina Dogaru, profesora de Antropoloxía no Departamento de Estudos Culturais da Universidade de Bucarest, cun enmascarado romanés.



conservación destas máscaras?

Ocupan un papel clave xa que son depositarios de coñecementos técnicos e prácticos inseparables do propio obxecto e o seu traballo asegura a continuidade de técnicas, materiais e saberes que forman parte da memoria cultural das comunidades. No proxecto MASKS, investigáronse e documentáronse técnicas artesanais de alto valor, que conforman un patrimonio de coñecementos posto ao dispor dos estudantes mediante a formación e o sitio web *unveilingthemasks.uva.es*. Pero esta formación non se limita á reprodución de modelos tradicionais, senón que incorpora unha comprensión máis ampla da artesanía en contextos contemporáneos. Así, trabállanse as competencias necesarias para que os artesáns poidan desenvolverse na contorna socioeconómica actual e responder ás demandas da sociedade. O fin é situar a artesanía ligada á máscara como práctica viva e relevante dentro da comunidade, cuxa dimensión cultural artículase con funcións sociais, económicas e creativas.

¿Como ve o labor de divulgación e de investigación actual das máscaras tradicionais en Europa? ¿hai que avanzar?

A investigación e a divulgación sobre as máscaras tradicionais en Europa avanzaron de maneira notable, en gran medida grazas á formación de especialistas de referencia e

ao desenvolvemento de proxectos específicos impulsados polo seu traballo. Hoxe hai un patrimonio de coñecemento sólido e ben construído ao redor da máscara, que non é recente nin circunstancial, senón o resultado de décadas de estudo e reflexión. Neste contexto, resulta especialmente valiosa a existencia de espazos de divulgación especializados que combinan o rigor do coñecemento cunha mirada próxima aos territorios e ás comunidades que manteñen vivas estas tradicións. Este tipo de iniciativas facilita o diálogo entre investigadores, practicantes e público, e contribúe a unha comprensión máis matizada destes fenómenos culturais. Así mesmo, as iniciativas de investigación e formación desenvolvidas desde enfoques colaborativos e transnacionais permiten avanzar na documentación de saberes, técnicas e prácticas, así como na súa reinterpretación desde perspectivas actuais, reforzando a complementariedade entre divulgación e investigación. Do mesmo modo resulta esencial dar continuidade á investigación para acompañar as transformacións actuais destas prácticas e favorecer novos enfoques que permitan comprender a súa vixencia e o seu papel na sociedade actual. O mundo da máscara é un ámbito vivo, en permanente transformación, e precisamente por iso require unha atención constante e renovada.